

Marcos S. Calveiro

«Vale máis un programa infantil en galego na tele que mil habanas»

Entanto non se publique o seu debut na narrativa para adultos, a erudita *Festina lente* que ultima Xerais, Marcos S. Calveiro é como mínimo unha das voces máis salientábeis da nova literatura infantil e xuvenil galega. Arousán de 1968, vive no barrio de Teis, en Vigo, a cidade onde exerce como avogado. Neto de taberneiros, ten a súa propia ilusión biográfica para enfeitar as lapelas dos libros: acredita que foi na tasca dos vellos, escoitando as historias extraordinarias dos paisanos, onde lle prendeu esa cousa de escoitar e contar. // Iago Martínez // Fotos: Olalla Lojo

Presume de ter o récord de premios perdidos na historia da literatura galega, ou o que é o mesmo, recoñece entre gargalladas que probou arreo, cos de narrativa e cos de poesía, con textos breves e longos, para cativos ou para adultos, e que os perdeu todos, un atrás do outro, até pensar en deixalo para sempre. Ao cabo, Marcos S. Calveiro entrou. Hai tres anos fíxose co premio de poesía do Concello de Carral con *Cartas do terceiro día* (Espiral Maior, 2006), e de alí a pouco deu ao prelo o seu *Sari, soñador de mares*, unha novela breve para o lectorado mozo. En 2007, *O carteiro de Bagdad* mereceu o Alta Delta de literatura infantil e o seu autor puxo un pé no mercado das traducións. Agora revisa a versión castelá de *Rinocerontes e quimeras* (Tambre, 2007), a súa última achega á ficción xuvenil.

Que fai un avogado escribindo para nenos e mozas?
É casualidade, porque fixen de todo, pero eu non escribo nin para rapaces nin para mozos. Cando remato unha novela pásolla a un par de lectores amigos e son eles os que me din o que hai, se serve para rapaces ou serve para adultos ou non serve para nada.

Onde están as fronteiras?
Entre a literatura xuvenil e a de adultos non as hai, e a infantil vén marcada polo nivel de complexidade. Con todo, eu non funciono así: teño unha historia, decote un final, e logo é o propio proceso da escrita o que me leva.

A complexidade d'O carteiro de Bagdad está por enriba do noso estándar na narrativa para nenos. Non hai máis que ver a riqueza do léxico.
Non o sei cal é o estándar porque non leo literatura infantil, pero é o xeito de escribir que teño. Non o fago para que o rapaz teña que ir ao dicionario. A min gustáronme sempre as palabras, gústame ler dicionarios, colecciono dicionarios. É algo que está en min. E ademais hai cativos de cuarto de Primaria que están máis capacitados para ler en galego que moita xente da miña xeración.

Na túa xeración a aprendizaxe do galego foi serodia.
Claro, eu mesmo fun educado en castelán. No instituto, como moito, debía ter unha hora en galego á semana. Logo, cos anos, decidín mudar de lingua, mesmo no profesional, e non por unha cuestión ideolóxica nin nada. Ao pouco de empezar a exercer como avogado dei en facer todo en galego. Non foi doado, porque daquela todos os formularios estaban en castelán e un tiña que armar o seu propio repertorio.

A galeguización da Xustiza está aínda por facer.
É bastante limitada aínda. Hai que recoñecer que a escrita xurídica é algo moi ritual, con moitas formas arcaicas, mesmo en castelán, pero eu funme afacendo e agora case me amola ler en castelán. Para revisar a versión española de *Rinocerontes e quimeras* tiven que mercar un dicionario porque hai cousas que xa non sei como se din, sobre todo nomes de árbores, de paxaros e todo iso. Teño as referencias da miña infancia moi claras, pero para saber o que é un sabugueiro en castelán teño que consultalo. Seino recoñecer nunha correioira, pero non sei como se chama.

A pregunta primeira non era inocente. A produción de literatura infantil e xuvenil é un oficio tradicionalmente exercido por docentes. Até que punto esta posición túa, o mesmo que a de An Alfaya, que tam pouco é ensinante, marca a túa escrita?
Supoño que os mestres terán un aquel, que sei eu, iso que se critica sempre: o excesivo didactismo, os valores transversais... Ser mestre imprime carácter e debe de ser moi difícil poñer iso á parte cando escribes, pero tampouco teño moitas referencias.

E porén nos teus libros hai moita énfase nos valores.
Si, pero iso é algo que non fago intencionadamente. Métesme nun apuro. Eu escribo as historias que me molan e que me molaban de rapaz: a novela de aventuras, o cinema clásico de Hollywood, todo iso que mamei. Non creo que Salgari ou Stevenson pensasen en valores. Con *Rinocerontes e quimeras* aínda non fun a ningún colexio, e sei por algúns mestres que é un libro problemático: que se é unha traxedia, que se é triste, que se é moi dramático, que se é desesperanzado... Non sei, pero a min non me parece máis desesperanzado que vivir en Iraq coas bombas a caer todo o día, como vive o protagonista d'O *carteiro de Bagdad*... O que pasa é que esa historia de nenos deformes, maltratados, algún mesmo un pouco malnacido, se cadra dálrlela aos rapaces e ter logo que explicarlles algúns comportamentos créalle problemas ao profesor.

Ao final da novela os rapaces recuperan o seu nome propio, libéranse, hai unha sorte de decantación do individual, mentres que a resistencia das mulleres en Cartas do terceiro día é anónima, colectiva, a identidade é grupal e mesmo transcultural, Galicia ou a prefectura de Jiang Yong, tanto ten.
Na novela a decisión tamén é colectiva. Os personaxes recuperan os nomes propios porque é a pri-

meira vez que deciden en por si. Hai algunha xente á que lle parece un final esperanzado, pero outros din todo o contrario, que han baixar pola vía do tren cinco quilómetros e logo xa sabemos o que lles vai pasar. Pouco lles vai a durar, pero por unha vez na súa vida son persoas, deixan de ser monstros e toman unha decisión colectiva.

Aquí é a China rural e nas novela son Iraq ou esas illas imposíbeis de Sinbad/Cunqueiro. Por que?
Supoño que é máis difícil escribir algo próximo. Sempre llelo digo aos rapaces: facer unha novela ambientada nun instituto de Santiago ou de Vigo, co *messenger*, cos móbiles, resultaría moi difícil, entre outras cousas porque non lles podería mentir aos lectores.

“Nada muda en Bagdad”. Ese retrouso que abre cada capítulo d'O carteiro, e que atravesa toda a novela coma un mantra, é case unha profecía.
Si, e nada mudou. O outro día os rapaces pedíanme unha segunda parte, e tanto me apuraron e tanto me romperon a cabeza que lles prometín que o día que deixen de caer bombas en Iraq farei unha continuación.

Hai un momento da novela no que unha muller berra co seu home por lle falar ao cativo da guerra.
Non preciso ser sanguinario nin poñer á xente destripada nas rúas de Bagdad, pero ese zunido da guerra, como o dos helicópteros sobre a cidade, ten que estar aí. Penso que aos rapaces, e hoxe aínda máis, pódese falar de todo. Logo pregúntanme por que nos meus libros os pais lle minten continuamente aos fillos, e eu retrúcolles: logo os teus non minten? A verdade é que non me quero meter en profundidades, pero é curioso que mo pregunten, que se decaten de que estes personaxes nunca din a verdade. As cousas pódense contar. Hai que pensar no xeito, pero non se deben ocultar. Se non, estamos a crear pequenos monstros, unha especie de privilegiados que non saben do mundo no que viven.

Do pouco debate que hai arredor da literatura galega, boa parte agroma en blogs coma o teu, www.alfaias.blogspot.com. Por que non se discute máis?
Quen ten unha columna no periódico falar de literatura galega? Ninguén. Están para o que están e falan do que falan, de Esperanza Aguirre, que xa me contarás o que nos importa a nós. As seccións de opinión da prensa galega son moi centralistas, falan do que acontece en Madrid, e o espazo para a literatura galega é mínimo.

Proporcional aos lectores, talvez?

Non o sei.

Sentín dicir hai pouco que o galego vai para lingua morta: escribíense libros pero non se fala.

Fernández Paz sempre di que vivimos no mellor momento, que os rapaces len máis ca nunca.

As súas *Cartas de inverno* levan vinte edicións, mais é un caso illado. Como poden convivir esa alarma permanente co desenvolvemento editorial, as traducións...?

Son cousas distintas. Unha cousa é a política lingüística, a lingua como ferramenta de uso cotián, e outra que ti poidas ler nunha lingua morta. Eu leo en latín.

Si?

[Ri] Si, pero non porque sexa un pedante senón porque fun educado en latín e grego. Unha cousa é a política lingüística e outra a literatura. Pode haber escritores nunha lingua sen falantes que sexa literariamente vizosa. Con todo, eu son pesimista. Teño dous rapaces que antes de entrar no colexio eran galego falantes.

E xa non o son? Pois que raro, porque segundo Galicia Bilingüe son os dereitos dos castelán falantes os que están ameazados.

E quen defende os dereitos do meu fillo? Aí é onde eu creo que debe estar a política lingüística. Está moi ben que nas escolas se definan as materias que se deben impartir en galego, pero a lingua hai que levala onde están os rapaces. Por que meu fillo non pode ver un programa infantil acotío na televisión como o Xabarán? Xa me queixei publicamente, pero é que tamén se queixa meu fillo. Vale máis un programa infantil en galego que cincuenta mil *habanas* e que cincuenta mil libros que se repartan no Día do Libro. Meus fillos repetían retrousos en galego de Shin Chan, e aínda que por outros motivos poida parecerche un mal contido para os rapaces, eu ficaba marabillado escoitándoos. Que DVD temos en galego? Por que os videoxogos non poden estar en galego?

Es dos que prefiren unha consola en galego antes que traducir Astérix?

Claro, porque hai que levar a lingua onde están eles. Os rapaces fan máis cousas que estar na escola e ler libros. A súa socialización entre iguais, entre eles, fana en castelán porque todo o que lles interesa está en castelán.

Desembarcar a literatura galega na Feira da Habana tampouco foi boa idea?

O da Habana xa pasou. Demasiados medios para tan poucos resultados. A min toda esa historia de páxinas web, despregue publicitario, medios de prensa... Para que? Xa sei que antes de ir a Guadalajara e a Francfort hai que entrar no circuío e todo iso, pero eu creo que non se fixo unha boa política de comunicación. Non souberon vendelo ben, á parte de que logo se poida discutir quen tiña que ir e quen non.

Esa é unha cuestión espiñenta.

Si, pero temos un Premio Nacional de Literatura Dramática, e se non está na Habana é ridículo. Non ten sentido que Rubén Ruibal non vaia. E ademais eu dubido moito da utilidade de todas esas páxinas web que se crean, máis alá de convocar unha rolda de prensa e aparecer ese día nos medios. Xa sei que é unha teima de Bragado, o director de Xerais, pero os irlandeses teñen unha oficina de traducións. Iso é o que hai que facer.

A cuestión será saber se o que se pretende é exportar literatura ou proxectar identida-



de, e sobre ese obxectivo avaliar se o o rebumbio, o ruído, é eficaz ou non o é.

Se dentro de dous anos estamos en Guadalajara e dentro de catro en Francfort, entón calo, non digo nada. O problema está tamén en que nunca antes se fixera, e agora entrar de súpeto nesa historia é difícil. Non hai precedentes, non sabes por onde tirar. Algúns saíron en defensa do que estaba a facer a Consellaría de Cultura en Cuba empregando certos adxectivos para cualificar á xente que fixo algún tipo de crítica e iso non está ben. Creo que se pode criticar sen que teñan que saír os grandes paladíns a dicir que, se non estás a favor da Habana, estás en contra da lingua e da cultura galegas. Digo eu que poderemos ter unha opinión, non si?

Talvez o consenso sexa o noso peor inimigo, como dicía Borrazás en *Arte e parte*.

Parece que temos que estar todos coa boca aberta dando as grazas polo que cae do ceo. Pois non.

Fáltalle ambición á literatura galega?

Á literatura galega, non. Cada escritor que terme do seu pau. Ao mellor a quen lle falta ambición é aos editores.

Faltan raros e raras, individualidades?

Eu considérome un raro. Se non chego a atopar a Ignacio Chao, o editor de Tambre, non tería hoxe ningún libro publicado, seguro.

Agora non hai queixa, ou?

Non, agora non, pero quen ía publicar *Rinocerontes e quimeras*? Todas as críticas din que se

sae do común na LIX, e empezo a ter complexo de raro. Mesmo intentei escribir unha noveliña para rapaces, unha cousa máis normal, pero non me sae. Eu non teño esa bagaxe, non podo facer unha novela dialogada.

Que é *Festina lenta*?

É unha novela histórica ambientada en Santiago entre os séculos XVI e XVII que conta a vida dun encadernador de libros. Trata moito o mundo da imprenta, da Inquisición e de mil chiscadelas máis á Historia, neste caso á Historia da literatura galega. Por ese obradoiro da encadernación pasan algúns dos libros totémicos das nosas letras case por casualidade. A miña idea primeira era a de facer un diario íntimo en primeira persoa dun encadernador con moi poucas notas históricas, pero cando descubrín eses dous séculos en Galicia... Son impresionantes. Creo que debín botar dous anos metido na Biblioteca Penzol, en Vigo, e por iso na novela hai moito documento, moita letra cursiva. Aí si que se ve moito a miña vea xurídica: hai moitos contratos e testamentos transcritos. Atopei un tempo no que case ninguén sabía escribir e no que, talvez por iso, o valor da palabra escrita era sacro. Documentábase todo, e iso marabilloume. É unha novela de libros, de amor aos libros, da imprenta, do contrabando de libros, dos impresores que xogaban a vida. É un libro moi querido por min que nalgún momento se converteu na miña némesa persoal. Comíao todo. Tiña que quitalo de enriba. Por certo: hai unha parte do libro que está escrita na verba dos arxinas [xerga gremial dos canteiros], sen notas nin tradución. Hai que ir ao contexto.

TRES OBRAS lle abondaron a Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) para conseguir o recoñecemento da crítica e a entrega do lectorado. Coa súa primeira incursión na narrativa infantil e xuvenil, *Sari, soñador de mares* (2005) amosou o seu dominio da lingua e da tradición, porque Sari viaxa cun Simbad que pode ser o mesmo que un día Álvaro Cunqueiro colocou en terra firme. Despois engaiolou con *Rinocerontes e quimeras* (2007), pola súa conseguida ambientación circense e pola forza duns personaxes-monstro que sendo varios eran á vez un, imaxes distorsionadas dun mesmo espello. Na súa última obra, *O carteiro de Bagdad* (2007), Premio Ala Delta, somerxeuse con sensibilidade absoluta na vida dunha familia iraquí e nos movementos dunha cidade que tenta erguerse tras a catástrofe.

Calveiro ten un ollo de boi dende o que mirar a vida, www.alfaias.blogspot.com, e dende alí cóntalles aos seus lectores que a súa escrita é unha carreira de obstáculos para chegar ao final, “para pechar o círculo máxico”. Esta é a semente que fai agromar toda a súa obra: o remate. Un remate que é aberto, libre, esperanzado e que deixa moitas imaxes da obra dispostas a que sexa a lectora quen as resolva sen saír do mundo que construíu o autor. Porque os seus universos son sempre afastados –como Estrema do Mar, o lugar ao que Sari nos leva canda si, ou como o Bagdad en que Ibrahim reparte cartas que son retallos de esperanza–, mais el é quen de evocalos a través de todos os sentidos. O autor, case sen se decatar, consegue cumprir esa máxima que di que a literatura nos transporta aos lugares en que non estivemos e que algunha vez imaxinamos. A isto non é allea a súa prosa concisa e fondamente lírica, que tanto se asenta no poder da palabra coma convida a reparar naquilo que semellaba insignificante. Porque a súa é a poética do cotián, da rutina vista dende os ollos dos seus personaxes. Dende que os seus lectores coñecemos aos nenos-monstros de *Rinocerontes e quimeras*, os límites do normal e do estraño mudaron no noso imaxinario; dende que soubemos da historia de Abdul tomamos consciencia de que nas situacións máis terribéis tamén se impón a normalidade se é un quen a busca. Porque o tempo, como lembra a súa escrita, é un elemento estraño que nunca poderemos controlar. Se ás veces fica inamovíbel e estático, un día rebélase contra a súa tendencia natural e transfórmao todo inexorabelmente. As horas e os días, aínda que soñemos con que non pasen, acaban por mudar as persoas e as cidades. O máxico é que ás veces o fan para amosarlles cal é o camiño á propia liberdade. E así, saltando obstáculos, péchase o seu particular círculo máxico. //Montse Pena Presas